


RÍO ULLA

(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Entre o Alto do Corno e os Montes da Vacaloura (parroquia de Ansar-Taboada). Cabeceiras: Sucastro, Ribeira, Ermida.
LONXITUDE	132 km
PERCORRIDO	Localidades: Gres, Ponte Ulla, Pontecesures, Catoira
DESEMBOCADURA	Ría de Arousa (Océano Atlántico)
CONCA	Superficie: 2803,6 km ² Concellos: Taboada, Palas de Rei, Monterroso, Antas de Ulla, Dozón, Lalín, Forcarei, Rodeiro, Silleda, A Golada, Santiso, Melide, Toques, Arzúa, Touro, Vila de Cruces, A Estrada, Vedra, Boqueixón, Teo, Padrón, Pontecesures, Santiago de Compostela, Ames, Valga, Dodro, Catoira e Rianxo.
SERRAS MÁIS IMPORTANTES	NORTE: Corno de Boi, Bocelo, Castelo. SUR: Testeiro, Candán, Cabalar, Xesteiras, Xiabre. LESTE: Careón, Ligonde, Bacaloura, Faro OESTE: A Muralla
AFLUENTES DEREITA	Sirgal, Pambre, Seco, Furelos, Iso, Beseño, Lañas, Brandelos, Santa Lucía, Sar Río Pambre: nace na aba leste da serra do Careón e xúntase co Ulla en Ramil. Río Furelos: nace na serra do Corno de Boi e recolle augas do Bocelo e o Careón e xúntase co Ulla en Barazón. Río Iso: nace nos montes de Boimorto e xúntase co Ulla no encoro de Portodemouros. Río Sar: nace en Bando (Santiago de Compostela) e xúntase co Ulla en Padrón.
AFLUENTES ESQUERDA	Baiña, Arnego, Deza, Oca, Liñares, Veá, Valga, Louro. Río Arnego: fórmase pola confluencia de varios regos que nacen na Pena de Francia e a serra do Faro e xúntase co Ulla no encoro de Portodemouros. Río Deza: Fórmase pola confluencia dos regos que nacen en Candosa e na serra do Testeiro. Percorre 51 km e a súa cunca ocupa 551 km ² . Xúntase co Ulla facendo fronteira entre Cira (Silleda) e Gres (Vila de Cruces). Río Liñares: nace en Monte Redondo e xúntase co Ulla en Paradela (A Estrada). Río Veá: nace entre os montes Xesteiras e Outeiro da Cruz e xúntase co Ulla en Cora (A Estrada). Río Valga: nace no monte Xesteiras e xúntase co Ulla en Campañ (Valga).
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O río Ulla discorre mainamente no seu primeiro tramo, encáixase levemente para atravesar a Dorsal Galega e na zona de Ponte Ulla labra un canón no cuarzo de Pico Sacro. Na zona de Castro Valente discorre encaixado 300 m por debaixo da montaña e ao chegar a terras de Padrón o ensánchase e ábrese o val. Antes de desembocar na ría de Arousa forma un amplo esteiro. Nos seus afluentes abundan os rápidos e fervenzas, debido ás numerosas fallas e á variedade das rochas. Podemos atopar rochas de orixe metamórfica como os xistos, gneis e anfibolitas, e ígneas, como os granitos hercínicos (granito de dúas micas).
CLIMA	Atlántico, máis seco e cálido no curso medio (comarca da Ulla) e máis húmido e frío no alto (A Ulloa).
TIPO DE RÉXIME	Pluvial. Presenta augas altas en xaneiro, febreiro e marzo, e baixas en agosto e setembro.
CAUDAL	79,3 m ³ /s
FLORA	Ao longo do curso do Ulla consérvanse grandes áreas de bosques de ribeira. No val do Arnego atópase o sobreiral máis extenso de Galicia. No esteiro hai grandes áreas de xuncos e carrizos.
FAUNA	As augas do Ulla son ricas en especies piscícolas. Destaca a presenza de salmóns e lampreas. Ademais pódense atopar troitas, sábalos, escalos, muxes... Hai varias especies de anfibios e réptis e unha variada avifauna, especialmente no esteiro.
APROVEITAMENTO	Subministro de auga para abastecemento urbán, agrícola e industrial, produción de enerxía eléctrica, pesca, acuicultura, lecer... É navegable ata Padrón O encoro máis importante é o de Portodemouros. Nas beiras do Ulla e de algúns dos seus afluentes atópanse surxencias termais aproveitadas como fontes medicinais e en balnearios: Frádegas, Caldelas de Vilariño, Os Ánxeles, Baños da Brea...

ESPAZOS PROTEXIDOS	LICs: “Ulla Deza”, “Sobreiral de Arnego”, “Serra do Careón”, “Brañas de Xestoso” O LIC “ULLA DEZA”: abrangue o curso do Ulla desde Arzúa ata a desembocadura, o último tramo do Deza e o Sar, desde Os Anxos, unha extensión de 1.153 ha.
DATOS HISTÓRICOS	A cunca da Ulla é unha área moi poboada desde tempos antigos, nela atópanse Santiago de Compostela, Padrón, A Estrada, Lalín... En toda a zona consérvase un rico patrimonio cultural. O tramo final do curso do Ulla, ata Padrón, era lugar de acceso desde o mar a Santiago de Compostela. Para a súa vixiancia e defensa construíronse as Torres de Oeste (Catoira). Foron edificadas entres os séculos X e XII sobre restos romanos.
CURIOSIDADES	O río Ulla dá nome ás comarcas polas que discorre, a Ulloa, onde nace, A Ulla no seu curso medio e o Ullán no baixo. É a fronteira natural entre as provincias de Pontevedra e A Coruña. É o segundo máis importante (máis longo e coa cunca máis grande) de Galicia despois do Miño-Sil.
PROBLEMAS	Contaminación, encoros, obras, especies invasoras...

